



**MEMORIA VALORADA**  
**ADQUISICIÓN DE ROZADORA DE BRAZO**  
**CON MANDO HIDRÁULICO E MATERIAL**  
**DE RECAMBIO PARA LIMPAPRAIAS**

**Concello de Cangas**

FEBREIRO 2017

# 1 MEMORIA DESCRIPTIVA

## 1.1. Autor do encargo

O documento se redacta a instancias da concellaría de Obras e Servizos do Concello de Cangas.

## 1.2. Obxecto

O obxecto deste documento é o inicio do expediente para a contratación de dotación dunha máquina rozadora de mando hidráulico para tractor e material de recambio.

## 1.3. Xustificación da dotación:

O Concello de Cangas do Morrazo presta servizos de mantemento viario a través da concellaría de Obras e Servizos, para o cal dispón dunha brigada dotada de medios humanos e medios materiais, que atenden ás necesidades de mantemento básicas nas vías de titularidade do Concello así como as tarefas de mantemento e limpeza dos areas do concello cunha máquina limpapraias que precisa pezas de recambio para mantela operativa.

Os equipos de limpeza, co tempo acadan o período de vida para o que foron deseñados, voltándose obsoletos, medran os gastos de mantemento que require custos e paradas para mantemento de emerxencia, dificultando a realización e planificación do traballo, que vai en detrimento dos logros que se atribúen ao servizo.

Mesmo a normativa de seguridade faise máis esixente co transcurso do tempo, requirindo a renovación periódica de ditos equipos, e asemade garantir a seguridade dos traballadores, de acordo coa regulamentación vixente.

## 1.4. Descrición da dotación:

Apeiro para tractor que enganchado ao terceiro punto na parte traseira do mesmo, serve para o uso profesional de rozado de herba e outras malezas das veira rúas das vías publicas.


O ancoraxe á toma de forza do tractor, serve de fonte da enerxía necesaria para o accionamento da central hidráulica que produce a rotación do rulo de coitelas que vai facer o corte da maleza, así como dos movementos do brazo articulado que porta e sitúa axeitadamente, de beira a beira, o cabezal que sostén o rulo de coitelas.

Os controis de operación do apeiro irán dispostos na cabina á man do operador, quen accederá a eles con seguridade e os requisitos de ergonómia e confort esixidos pola normativa de seguridade e de acordo co aqueles impostos polo regulamento de seguridade viaria, para a circulación polas estradas públicas, elo atendendo ademais ós códigos de boas prácticas de utilización de tractores agrícolas e os seus apeiros.

Disporá de pés de soporte para facilitar o enganche e desenganche seguros.

Xustificárase a compatibilidade co vehículo tractor.

Recambio de malla trenzada de cribado de aceiro de alta resistencia para substitución da actualmente instalada na máquina limpapraias xustificando a compatibilidade coa mesma.



## 2. MEMORIA DOS ELEMENTOS

Características técnicas mínimas do equipamento:

**Brazo:** Construído en aceiro de alta resistencia, con dous tramos articulados; sendo a lonxitude total do brazo non maior de 4,5 metros de alcance, incluído o cabezal, e medido desde o eixo lonxitudinal do tractor. Propórase unha solución técnica que se axeite ás peculiaridades do entorno de traballo.

**Cabezal:** Servirá de sostén e accionamento do rulo de coitelas. A rotación producirase mediante motor hidráulico de engranaxes de alta velocidade, que será reversible e irá protexido contra choques polo lateral. O ancho de traballo mínimo do cabezal, será de 800 mm., estando dotado dos utensilios de corte, a base de coitelas. Estará dotado das proteccións necesarias para evitar no posible as proxeccións de pedras.

O cabezal de corte estará deseñado para poder cortar en ámbolos dous sentidos de marcha.

**Central hidráulica:** Coa toma de forza do tractor, mediante eixo cardánico e multiplicador para traballo á velocidade de rotación de 540 rpm, accionárase a bomba hidráulica de dobre corpo, con potencia non inferior a 25 kw. Deste xeito evítase que se mixturen os fluídos hidráulicos cos do tractor. Dotarásese de válvula de seguridade e válvula anticavitación. O depósito de aceite hidráulico será grande abondo para que refrixere o fluído hidráulico sen precisar de intercambiador, mesmo

podendo levar un electrorradiador de 12Vcc, para funcionamento continuo en verán, se o clima o require. O tanque levará filtro retorno e tapón aireador tamén co filtro de aire.

As tubaxes flexibles levarán protección adicional mediante espirais de material plástico.

Controis: Arranxaranse axeitadamente para permitir ao operador o total control do apeiro, en condicións de ergonómia e seguridade e parada segura, dende o seu posto dentro da cabina do tractor, de xeito que non impida de modo algún o guiado seguro do vehículo.

Acabados: O equipo levará protección anticorrosiva, mediante aplicación de imprimación e pintura sintética de acabado.

Dispositivos de seguridade no traballo: O equipo se fornecerá co marcado CE, e o conxunto de manuais, que fagan posible o cumprimento do conxunto co vehículo portador, todos os requisitos de seguridade no traballo.

Seguridade viaria: O equipo estará deseñado para cumprir coas esixencias da normativa para a circulación polas vías públicas, especialmente no relacionado coas dimensións máximas permitidas para o seo desprazamento pola rúa.

Peso: Estará entre 500 e 600 kg.

Recambio limpapraias: Malla trenzada de cribado, de aceiro de alta resistencia, paso de 25 mm.

## 2.1. ORZAMENTO

A valoración desta actuación para a dotación/adquisición ascende á cantidade de dezasete mil novecentos noventa euros, sumando o I.V.E. ascende a cantidade de vinteun mil setecentos sesenta e sete con noventa euros(21.767,90€)

Cangas, febreiro de 2017